

**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO,
MATERIAL ESCOLAR E PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO CURSO 2022/2023**

Estimadas familias,

Informámosvos que se acaba de abrir o prazo de presentación de solicitudes para adquisición de libros de texto, material e fondo de libros para o vindeiro curso 2022/2023, contemplado na Orde do 29 de abril de 2022 publicada no DOG núm. 95 do 18 de maio.

Tal como se indica na orde da convocatoria, as solicitudes serán presentadas preferiblemente de forma telemática a través da aplicación [FONDOLIBROS \(https://www.edu.xunta.es/fondolibros/\)](https://www.edu.xunta.es/fondolibros/), accedendo con CHAVE365 ou certificado dixital. Na seguinte ligazón tendes toda a información relativa ao procedemento: https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento_ED330B

Opcionalmente, poderanse tramitar as solicitudes de xeito presencial na secretaría do centro **ata o día 22 de xuño en HORARIO de 10:30 A 13:30 horas.**

O impreso de solicitude achégase no arquivo adxunto con este aviso para descargar e tamén estará dispoñible na páxina web do centro, ou na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (procedemento ED330B).

As familias con máis de un fillo/a matriculado/a no centro, presentarán unha única solicitude que agrupará a tódolos fillos que estean no mesmo centro e abarcará os tres procedementos: Fondo de libros, Axuda para adquisición de material escolar e Axuda para adquisición de libros de texto, según corresponda por curso.

DOCUMENTACIÓN que deberán aportar:

- **ANEXO I** (Solicitude cuberta e asinada polo solicitante, que será o titor/a legal dos/as alumnos/as).
- **ANEXO II** (Comprobación de datos e sinatura dos restantes membros da unidade familiar distintos do solicitante) (**Deberán achegar tantos Anexos II como sexan necesarios para incluír a todos os membros computables da unidade familiar**).
- Fotocopia do **LIBRO DE FAMILIA**. Se non dispoñen de libro de familia ou carecen de DNI/NIE, excepcionalmente poderán acreditar a composición da unidade familiar mediante Certificado ou volante de convivencia ou Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do Concello.
- Fotocopia da sentenza xudicial ou convenio regulador no caso de separación ou divorcio.

PRAZOS

Presentación de solicitudes:	Do 19 de maio ata 22 de xuño de 2022
Presentación de solicitudes para alumnado que repita 4º da ESO ou para aquel que non obteña praza na FP básica:	Un mes desde a formalización da matrícula.
Publicación de listaxes provisionais:	Ata o 11 de xullo.
Reclamacións ás listaxes provisionais:	Dous días seguintes á publicación.
Publicación de listaxes definitivas:	Ata o 22 de xullo.
Entrega dos vales ás familias:	Informarase a través da plataforma do período de recollida dos vales.
Recollida dos libros do Fondo de Libros:	Entregaranse aos alumnos ao comezo do curso escolar 2022-23 en setembro.
Enmenda de erros detectados nos vales:	10 días desde que recibe o vale
Uso dos vales nas librerías e demais establecementos:	Ata o 09 de abril de 2023

RESUMO DO FONDO E DAS AXUDAS

	Renda per cápita familiar			Calquera renda per cápita					
	≤ 6.000€	> 6.000 e ≤ 10.000€	≤ 6.000€	En garda ou tutela da Xunta		Discapacidade ≥ 65%		Educación especial	
	Libros de texto		Material	Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros	Material
1º e 2º EP	210€	140€		210€		275€			
3º, 4º, 5º e 6º EP ou ESO	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	Fondo: 4 libros ⁽¹⁾		Fondo: 6 libros ⁽¹⁾		Fondo: 6 libros ⁽¹⁾ ou: 275 € ⁽²⁾	50 €	275 €	50 €
Alumnado con NEAE – EP ⁽³⁾	210€	140€	50€	210€	50€				
Alumnado con NEAE – ESO ⁽³⁾	240€	160€		240€					

⁽¹⁾ O número de libros que se indica é o mínimo garantido, pero poderá incrementarse se houbera existencias suficientes no centro.

⁽²⁾ O alumnado cunha discapacidade ≥ 65% matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º EP ou 1º, 2º, 3º e 4º da ESO que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario do centro, recibirá a axuda para libros, e poderá adquirir libros doutros cursos ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 1ª).

⁽³⁾ O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros axeitados no fondo solidario en ningún curso, o centro expediralle un vale, co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 2ª).

Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar arquivado xunto coa solicitude.